

Unha breve autobiografía

Chámome Manuel Carlos Núñez Singala, aínda que en realidade todo o mundo me coñece polo meu inusual segundo apelido, Singala. Meu pai era galego, miña nai mallorquina e seica un antepasado materno proviña de Italia, lugar de orixe de apelido tan estraño. Algún día terei que investigar a súa procedencia máis aló das brumosas lendas familiares.



Nacín en Lugo en 1963 aínda que só vivín nesa cidade os meus tres primeiros anos, despois meu pai foi traballar a Vilalba e alí transcorreu a miña infancia e adolescencia. A Terra Cha é a miña primeira patria. Sempre fun un gran afeccionado á lectura, pero a miña inclinación pola escrita quizais lla deba aos certames literarios do instituto de bacharelato vilalbés, que me decidiron a comezar a escribir. Nese centro estreei tamén as miñas primeiras e adolescentes obras de teatro, ata tres montaxes coas que un grupo de amigos e amigas temos pasado moi bos momentos aló contra final dos anos setenta.

Despois vin estudar a Santiago e aquí me quedei. En Santiago coñecín á persoa que hoxe comparte comigo a súa vida e aquí naceron tamén os nosos fillos. Compostela é, pois, a miña segunda patria. Rematei filoloxía galega e traballei no Parlamento de Galicia, na Xunta e finalmente, desde hai xa bastantes anos, na Universidade de Santiago de Compostela, onde dirixo o Servizo de Normalización Lingüística.

Teño publicadas unha obra de teatro e unha novela, ademais doutra obra miúda espallada en libros colectivos e revistas. Tamén o ensaio e os traballos de investigación sobre cuestións relacionadas coa normalización do idioma ocuparon boa parte do meu tempo. Non vivo da literatura, iso permítame tomar con calma a miña carreira literaria... quizais con demasiada calma.

OBRA LITERARIA:

Teatro: *O achado do castro* (Sotelo Blanco, 1991), gañadora do Premio Xiria de Creación Teatral, da que leva vendidos máis de dez mil exemplares e que foi representada en numerosos lugares de Galicia así como en Madrid, Caracas ou México; e *Comedia bífida* (Galaxia, 2007), levada tamén ao escenario.

Narrativa: *Mar de fondo* (Galaxia, 1997).

Participou nos volumes colectivos 'Minirrelatos' (Lib. Carabón, 2000) 'Longa lingua' (Xerais, 2002), 'Sempre Mar' (Asoc. Cultural Benito Soto, 2003).

OBRA FILOLÓXICA:

É coautor o coordinador dos seguintes libros: *A información en galego*. Edicións Lea, Santiago (1996); en colaboración *Mellorando os Servizos*, USC (1997) e coordinador d'*O idioma na Universidade de Santiago de Compostela*. USC (1998).

Eu creo que este é un libro de denuncia á sociedade, publicado desde o humor. Móstranos unha realidade patente en Galicia mediante catro exemplos típicos. Un home que só fala galego aínda que lle parece un idioma inútil ou unhas mozas nadas na Coruña que non falan galego porque lles parece de xente do pobo, incultos; ou o empresario que fala galego no ámbito familiar pero castelán nos negocios para parecer máis culto. Son uns modelos bastante reais, e a min o libro nese aspecto gustoume porque son realidades que se ven no día a día. Jorge Meijide Soto, 3º ESO

Aínda que poida soar a tópico esta é unha obra que moitos deberían ler para verse reflectidos nalgúns dos personaxes, ao mesmo tempo que para decatarse do mal uso que estamos a facer do galego. Xa que aínda que o libro está escrito para ser representado e cun ton de comedia, o que nel se di fala da realidade de Galicia e non ten nada de gracioso. A obra represéntase mediante un xuízo que pouco deixa entrever unha finalidade pedagóxica para o lector. O personaxe, para min, máis influente e representativo é Luci que, a pesar de ser Lucifer, neste caso ten toda a razón ao xulgar os acusados. O peor é o final xa que os acusados e o público quedan advertidos, pero non reciben un castigo polos seus actos. A ensinanza máxima ou simplemente lección que del se extrae paréceme boa. María Janeiro Silva, 3º ESO

Este libro reflicte a situación do galego como lingua oral na actualidade. Representa tamén como a xente nacida en Galicia deixa a lingua propia para falar o castelán, a lingua "de moda", supoño que para creerse superiores aos demais. Un dos principais motivos que os acusados argumentan para non falar en galego é que é unha lingua vulgar, que só a falan os pailáns e os que viven no medio do monte. Como consecuencia habería que destacar que se esta situación continúa o galego acabará sendo unha lingua minoritaria no propio territorio, Galicia. En conclusión, pareceume un libro representativo que nos debería servir de lección para intentar cambiar esta situación de marxinación da lingua. Iván Varela Fernández, 3º ESO

Comedia bífida /.../ pretende mostrarnos a situación do idioma galego no noso país. Mediante un xuízo, distintos acusados expoñen os seus motivos polos que non falan galego. Entre algúns dos motivos expostos neste xuízo podemos destacar: que é unha lingua de pailáns, que só serve para falar na aldea e non nas cidades, que fóra de Galicia non serve para nada, que é unha lingua moi bruta e con pouco futuro. A historia cóntase dunha forma cómica, pero tratando un tema moi serio como é a posible desaparición do noso idioma galego, se os habitantes de Galicia, por un ou por outro motivo, non o falamos. Salomé Pérez González, 3º ESO

É unha obra de teatro que representa moi ben a situación na que se encontra o galego hoxe en día. Tamén é unha especie de comedia ou parodia do que ocorre cos pecadores que son xulgados. Isto dálle un ton humorístico que fai que a obra sexa moita máis divertida e fácil de ler. Coincido co autor en que o galego hai que coidalo e falalo se non queremos perder o noso trazo máis característico, unha riqueza cultural dun valor inimaxinable. Estou de acordo co autor, que creo se manifesta na personaxe de Luci, o demo presuntamente, aínda que sexa a boa da película. O resto só son persoas que non cren na súa cultura e que non están orgullosas de seren galegos, de falar a nosa lingua e de vivir os nosos costumes. Tamén hai que destacar a figura ou personaxe do Arcanxo, incansable defensor da liberdade de expresión e de que cada un poida falar a lingua que lle pete, non ten porque ser a natal. Iso é mentira, se non a falamos agora, que aínda estamos a tempo, que imos facer cando todo o mundo estea dominado por unha soa lingua? Despois si que non vai haber liberdade de expresión nin capacidade de poder escoller que lingua falar. O final eu creo que é o máis significativo da obra, xa que reflicte dunha forma moi directa todo o que o autor nos quere dicir. E deixa unha pregunta no aire e unha advertencia: se non falamos o galego, vai desaparecer un importante trazo da nosa cultura e non imos ser especiais como somos aínda hoxe. Isto pódese remediar, hai que concienciar á xente de que cada un ten que falar a súa lingua e que cada un é de onde é. Unai García García, 3º ESO



A posta en escena

SINOPSE:

Logo de caracterizar o público, segundo vai entrando, como cadáveres, entra San Pedro e explica que están na sala de xuízos, agardando a que veñan o avogado defensor (San Xudas, patrón das causas perdidas, mais vén un Arcanxo -en realidade, un anxo en comisión de servizos-, que é substituído de San Antón, porque o Xefe confundiu o patrón das causas perdidas co patrón das cousas perdidas e San Antón está de baixa pois mordeuno un can) e a acusación (que é Luci, en representación de Lucifer, unha muller de negro, provocadora, vulgar e sensual). Unha vez escollidos os membros do xurado entre o público, comeza o xuízo presidido por San Pedro.

Toca xulgar a deslealdade lingüística: os que non defenden o galego no merecen ser galegos. A primeira acusada en calidade de nai é Elpidia, que se fai chamar Diña: fala en castelán e quere que seus dous fillos tamén o fagan, aínda que un verán tivo que pagarlle a pasantía a un deles que só suspendeu galego. O segundo, Eliseu, que fala sempre en galego aínda que pensa que non é útil máis alá de Pedrafita, e na aldea todos empregan o galego menos o cura, polo que con el falan en castelán como poden. Logo, Lina e Lana, dúas siamesas, aínda que unha naceu na Coruña e outra en Vigo: son do Dépor e o Celta e parécelles o galego lingua de pailáns. Entra logo o empresario Pepe, acusado de deslealdade coa lingua pois malia que di que é bilingüe e fala consonte lle pete, fai un uso diglósico: coa secretaria incompetente, que pretende como amante, en castelán; coa muller, en galego; coa directora do colexio privado, castelán; e coa profe da pasantía en galego, para despedila; pensa que xa que estamos na Unión Europea habería que unificar todo para aforrar custes. E cando o xuízo está visto para sentenza, entra un anxo dicindo que o xuízo no vale pois o público no está morto e en realidade son espectadores dunha (divertida) obra de teatro.

http://www.filix.org/xovea/comedia_es.html

O noso poder como lectores é universal e universalmente temido [Roberto Manguel]

A marela tarabela

Boletín da Biblioteca do Instituto "Ramón María Aller Ulloa"

Nº 12


Maio-2010

Esta guía

Con esta guía, ofrecemos unha serie de datos e suxestións de lectura.

Non é unha guía exhaustiva, nin pretende meterse en análises técnicas ou estilísticas. O que propoñemos é un complemento de lectura.

desde o humor **verse**
reflectidos só a falan
os pailáns non cren na
súa cultura uns mode-
los bastante reais lin-
gua moi bruta e con pou-
co futuro **parodia** do que
ocorre realidade de
Galicia esta situación
de marxinación da lin-
gua **o autor** creo que se
manifesta na personaxe
de **Luci** non vai haber li-
berdade de expresión



Guía de lectura [nº 3]

Comedia bífida de Manuel Núñez Singala

Comedia bífida: algunhas suxestións de lectura


[1]

LUCI (*Achegándose ao xurado*). De acordo, Vou ser moi concisa porque o asunto está clarísimo. Hoxe imos vulgar a fala e o que hai aquí son galegos, só galegos, salvo algunha excepción. A ver hai franceses aquí? (*Pausa*) Non. E rusos (*Pausa*) Non. Hai chineses ou romaneses ou italianos ou exipcios ou etiopes? Non. Só galegos. Por que? (*Pausa longa para subliñar a pregunta*) Porque [...] só os galegos non queren falar galego. E iso é moi feo. En realidade non é que sexa feo, é patético.

(...) Hai algo máis triste ca unha persoa que se nega a ser o que é e que pretende ser algo diferente? Imaxinan, por exemplo, a un negro que intentase ser branco? Patético, non? A traizón é mala, pero a traizón contra a propia identidade é penosa. Un galego que desprece a súa lingua atenta contra si mesmo, contra a identidade do seu pobo, da súa cultura, do seu ser. Non debería nin sequera ser chamado galego.

Propostas: Hai realmente consciencia social sobre a situación na que se atopa o idioma galego? Sentimos que é o noso ADN colectivo?

Gráfico 15: Lingua habitual por xeracións



[2]

LUCI Ten vostede dous fillos, non é certo?


DIÑA Borjiña y Tamara.

LUCI Por que non quere que lle falen galego, Elpidia?

[...]

DIÑA [...] Vamos ver: No es que yo no quiera que hablen gallego, que ya dije que tanto me tenía lo que cada quien hablara. Lo que pasa es que no se les da bien a los niños, no les gusta. Ellos lo saben un poco, porque en el colegio se lo aprende el profesor, pero... No les va. Y a demás para que lo...?

Propostas: Que lingua temos como inicial? Utilizamos habitualmente a outra lingua? Temos prexuízos sobre as persoas que empregan a "outra" lingua?



[3]

LUCI [...] Con sinceridade, señor Eliseu, que pensa vostede sobre a lingua galega?

ELISEU Pois penso que non vale para nada.

[...]

ARCANXO Pero home, como di vostede iso?

ELISEU Home, o galego está ben para a casa, para a familia, pero todo o mundo sabe que unha vez pasada Pedrafita non vale para nada.

ARCANXO (*Moi profesional*) En definitiva, a súa afirmación susténtase na concepción do galego como lingua minoritaria, inválida para contextos internacionais.

[...]

LUCI Dígame, señor Eliseu, cantos anos ten vostede?

ELISEU O mes que vén fago setenta e tres.

LUCI E cantas veces, nestes setenta e tres anos, saíu vostede fóra de Galicia?

ELISEU Saír, o que se di saír, no saín nunca, pero...

ARCANXO Gustaríame facerlle ver ao xurado que o feito de que o acusado non abandonase nunca o país non invalida o seu argumento: máis aló de Pedrafita o galego non se usa, e polo tanto resulta inútil.

LUCI [...] Todas as linguas teñen fronteiras. Segundo ese argumento todas as linguas son inútiles...

Propostas Como valoramos a nosa estima cara ao galego? Como é o noso ego con respecto a ela? Coidas que a lingua galega é unha lingua minorizada.

Proposta: Segundo datos da UNESCO, cada ano morren entre 25 e 30 linguas no mundo, e o 90% extingúirase irremediamente nos vindeiros cen anos, ao mesmo tempo asistimos ao nacemento ou consolidación doutras, especialmente os denominados crioulos ou pidgins.

Cal coidas que será a lingua máis falada en Galicia dentro deses cen anos?

Segundo datos da UNESCO, cada ano morren entre 25 e 30 linguas no mundo

[4]

ARCANXO [...] supoño que non estades en contra da lingua galega?

LINA Para nada, para nada por Dios.

LANA No, o sea, no.

[...]

LUCI Xa, e se non están en contra da lingua, por que non a empregan?

LANA Por favor.

LINA Es que el gallego no nos gusta.

ARCANXO Volvemos ao mesmo, elas exercen un dereito inalienable: a escolla da lingua da súa preferencia.

LUCI Ben, eu non teño ningunha obxección contra ese dereito. Agora, as linguas sobreviven cando se usan, se non teñen falantes morren. O que xulgamos aquí é a responsabilidade dos cidadáns dun territorio cunha lingua, xulgamos un feito moral, non legal.

Propostas: Hai xente que sente vergonza falar en galego? Hai xente que se escuda nun mal "coñecemento" da lingua para non usala?

Propostas: Es libre de empregar a lingua da túa elección? Que te pode condicionar?

[5]

ARCANXO Queda claro pois que o meu defendido non só renega das súas orixes senón que as reivindica con orgullo.

PEPE Más gallego que nadie, coidadiño, eh?

LUCI A súa lingua habitual é o galego, entón?

PEPE Uuuu, xa estamos. Mira nena que por aí imos mal, eh?

LUCI Explíquese, por favor.

PEPE A min os radicalismos...

LUCI Que radicalismos?

PEPE Esa moda de agora de falar todo en galego. A min iso non me vai, eh? O galego hai que mamalo, eh?, mamalo, ma-ma-lo! Coma min, que o mamei desde pequeno, e agora fálooo segundo a ocasión, con prudencia. Se o momento o require.

Proposta: Hai unha identificación entre empregar o galego en ámbitos cultos e unha determinada ideoloxía (galeguismo de esquerdas ou independentismo)? Como pode afectar isto ao futuro do idioma?

[6]

PEPE Ademais a min isto do galego paréceme unha imposición. O galego está imposto, e non pode ser, hai que darlle liberdade á xente para que fale o que queira.

[...]

PEPE Eu son perfectamente bilingüe, non se di así.

[..]


LUCI Quero facer notar que ese bilingüismo que Pepe aduce, iso que precisamente pode resultar en aparencia moi equilibrado, moi harmónico, como dirían algúns, pode ser no fondo todo o contrario.

Propostas: Os idiomas cumpren funcións internas: neles organizamos o noso pensamento. En que idioma soñamos?

Por outro lado, a mitificación do bilingüismo aparece como unha nova estratexia de substitución de cara á transmitir á sociedade a idea de que non hai conflito lingüístico. Como percibes este feito, como froito normal do plurlingüismo ou como un autoengano?

Proposta: Podes chegar a te sentir estraño no teu propio país?

Lingua inicial por idade (MSG, 04)




Medias de uso lingüístico	Na escola			Con individuos				Cun grupo		Nas institucións		Co médico	
	Na escrita	Cos profesores	Cos compañeiros	Recreo, compañ.	Veciños	Amigos	Descoñecidos	Castelán falante	Galego falante	Concello	Xunta	De cabeceira	Especialistas
TOTAL	1,26	1,76	2,69	2,84	3,10	3,06	2,36	2,61	3,62	3,00	2,93	2,65	2,39
16-25	1,91	2,17	2,31	2,33	2,60	2,47	1,92	2,12	3,45	2,62	2,62	2,16	1,92
26-40	1,14	1,54	2,47	2,61	2,95	2,90	2,22	2,47	3,54	2,88	2,84	2,50	2,23
41-65	1,05	1,61	2,87	3,09	3,28	3,28	2,48	2,77	3,71	3,13	3,03	2,82	2,53
+ 65	1,07	1,91	3,15	3,34	3,51	3,50	2,86	3,03	3,78	3,31	3,23	3,07	2,80

Ler:



NÚÑEZ SINGALA, Manuel: *En galego, por que non?: Contra os prexuízos e simplificacións sobre a lingua galega.*



55 mentiras sobre a lingua galega: Análise dos prexuízos máis comúns que difunden os inimigos do idioma. Xosé-Henrique Costas (coord.).



IGLESIAS ÁLVAREZ, Ana: *Falar galego. No veo por que?: Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia.*



SANMARTÍN REI, Goretta: *Nos camiños do entusiasmo: Calidade da lingua e planificación.*



RODRÍGUEZ ALONSO, Manuel: *O españolismo lingüístico.*



Plan xeral de normalización lingüística da lingua galega: Sector 2. Educación, familia e sociedade: Xunta de Galicia.

Ver:



Linguas cruzadas: dirección María Yáñez, Mónica Ares.

Navegar:

Comedia bífida:

www.youtube.com/watch?v=V3LOTstdqh4

http://gl.wikipedia.org/wiki/Real_Academia_Galega

<http://www.realacademiagalega.org/>